



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

X lexislatura
Número 133
22 de xuño de 2017

Fascículo 2



I 10385 (10/PRE-001468)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as medidas destinadas a garantir a seguridade dos encoros mineiros de San Fins, no concello de Lousame

[35908](#)



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita.**

Na comparecencia do Director de Augas de Galicia do pasado 1 de febreiro en relación ás presas mineiras de San Fins, en Lousame, este indicou que se tiña realizado en novembro de 2016 un requirimento a Tungsten San Finx S.L. para que realizase os traballos necesarios para garantir a seguridade da presa en cuestión.

Na mesma intervención do Director Xeral apuntou que non tiña constancia "*de que existise un risco inminente para a seguridade desa presa*".

En decembro a empresa dille a Augas de Galicia que a presa mineira non é responsabilidade da concesionaria, ante o que o Director do organismo hidráulico anuncia unha "*investigación*" para determinar a titularidade da mesma, solicitando a colaboración da Consellaría de Economía, Emprego e Industria e insinuando tamén que a orixe da presa mineira podería ser un hipotético aproveitamento hidroeléctrico, o que resulta manifestamente falso.

Lembramos, en primeiro lugar, que na súa intervención indicaba que a presa non suporía un risco inminente, ou mellor dito, que non tiña constancia de dito risco.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

Tamén a propia empresa, que en maio de 2016, se atrevía a afirmar que a presa "*se encuentra en buen estado y no produce contaminación alguna*", mudou completamente a finais de marzo deste ano, cando reconece que "*La instalación presenta un importante grado de deterioro*".

Finalmente, e para contribuír modestamente á "*investigación*", é oportuno referir novamente un feito que foi mencionado na pregunta coa que se interpelaba ao Director de Augas de Galicia en febreiro pasado: o "*desastre de 1960*". E para que non nos tilden novamente de alarmistas, colocamos isto entre aspas, pois non son palabras nosas, senón do que era Alcalde de Lousame na altura, e que continuaba o seu escrito alertando: "*Tal ocurrió en el año 1960 que, con motivo de unas crecidas se rompió un tablón de la compuerta del cerramiento antes mencionado y por allí salieron miles de toneladas de arena que arrastradas por las aguas cubrieron una extensa zona de la feraz vega referida y dejaron estériles muchas tierras, alguna de las cuales continua todavía sin vegetación de ninguna clase*".

Por todo o anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Máis alá das visitas de campo de outubro e maio de 2016, limitadas á observación visual dunha das presas, realizou Augas de Galicia unha auscultación destas instalacións, atendendo aos criterios técnicos de seguridade e xestión de presas que permita soste, a día de hoxe, que non existe ningún risco asociado ás mesmas, como indicou en febreiro pasado?

2. En que se ten concretado a colaboración da Consellaría de Economía, Emprego e Industria para a determinación da titularidade das presas mineiras? Como



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2017 18:16
Nº Rexistro: 10385
Data envío: 12/06/2017 18:16:30.967

interpreta que sexa unha asociación ambiental a que deba dar traslado a Augas de Galicia da información que sobre as presas obra nesa Consellaría?

3. Sabemos xa de xeito oficial de quen é a presa?

4. Se o sabemos, requiriulle Augas de Galicia á empresa propietaria que asuma as súas obrigas en relación ás dúas presas mineiras da súa responsabilidade presentes no río San Fins?

5. En relación ao anterior, e ao expediente de autorización de verteduras, irá condicionar Augas de Galicia a eventual resolución de verteduras á restauración do espazo natural afectado polas presas mineiras, obrigando á titular da concesión a eliminar os residuos mineiros acumulados no val e as propias presas?

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2017

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2017 18:16
Nº Rexistro: 10385
Data envío: 12/06/2017 18:16:30.967

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/06/2017 18:13:12

María Montserrat Prado Cores na data 12/06/2017 18:13:17

Ana Pontón Mondelo na data 12/06/2017 18:13:18

Olalla Rodil Fernández na data 12/06/2017 18:13:20

Noa Presas Bergantiños na data 12/06/2017 18:13:21

Xosé Luis Bará Torres na data 12/06/2017 18:13:22